

Trazos. Dos centros educativos transformadores



Centro educativo e lugar:

IES Pablo Picasso e CDP Santa M^a de los Ángeles, Málaga.

Data de realización: Curso escolar 2017-2018.

Persoas de contacto: Marisol Aneas (IES P.P.) e M^a Eugenia García (CDP Santa M^a).

Datos de contacto:

marisoleconomia@gmail.com
egarcia@santamariadelosangeles.es

Contexto do centro,

nivel educativo e perfil do alumnado:

O I.E.S. Pablo Picasso constitúe unha comunidade educativa na que o número de alumnado matriculado é de 680 alumnos e alumnas, distribuídos en 25 grupos, cun cadro de persoal de 59 profesores e profesoras e 10 persoas en Administración e Servizos.

Trazos. Dos centros educativos transformadores

Oferta educativa:

- 19 grupos en los que se imparte Educación Secundaria Obligatoria con 513 alumnos y alumnas.
- Un grupo de 1º de Bachillerato de Ciencias con 18 alumnos y alumnas.
- Un grupo de 1º de Bachillerato de Humanidades y Ciencias Sociales con 40 alumnos y alumnas.
- Un grupo de 2º de Bachillerato de Ciencias con 15 alumnos y alumnas.
- Un grupo de 2º de Bachillerato de Humanidades y Ciencias Sociales con 38 alumnos y alumnas.
- Un grupo de 1º de Ciclo Formativo de Grado Medio con 33 alumnos y alumnas.
- Un grupo de 2º de Ciclo Formativo de Grado Medio con 20 alumnos y alumnas.

Os alumnos e alumnas que comezan a ESO proceden maioritariamente do CEIP Ramón Simonet e, en menor proporción, do CEIP Manuel Garvayo. En Bacharelato incorpóranse, ademais do alumnado proveniente dos centros adscritos, alumnos e alumnas dos centros concertados da zona. A respecto do alumnado do ciclo formativo, este é asignado ao centro a través do proceso centralizado de Distrito Único, similar ao universitario, polo que se realizan adxudicacións diferentes aos distintos centros educativos cada curso, segundo as peticións dos interesados.

CDP Sta Mª de los Ángeles. É unha sociedade cooperativa formada por profesionais da ensinanza cuxa finalidade é a educación nos niveis de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior.

Está situada nunha barriada popular de Málaga e o perfil do alumnado é moi variado, sobre todo nos ciclos formativos, xa que non só proveñen da capital, senón tamén da provincia, mesmo de diferentes puntos de Andalucía.

O grupo de profesorado está conformado por 43 persoas de moi diferentes especialidades. Hai seis grupos de alumnado de bacharelato, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais, e ciencias.

Dos ciclos formativos de grao medio, impártense as especialidades de: coidados auxiliares de enfermaría; farmacia e parafarmacia; xestión administrativa e actividades comerciais. De ciclos formativos de grao superior: dietética; administración e finanzas; e axencia de viaxes e xestión de eventos. Tamén se imparte o ciclo superior de dietética a distancia e o de farmacia en modalidade semipresencial. Nos ciclos, as idades son moi variadas, a diferenza das idades do alumnado de bacharelato, que son máis homoxéneas porque proveñen case totalmente da ESO.

O total de alumnos/as aproxímase ás 600 persoas.

Breve descripción da experiencia

En que consistiu?

Realización de varias sesións formativas e de traballo para reflexionar sobre que trazos cómpre incorporar e cales non; cales se queren priorizar e o camiño a seguir de agora en diante. Utilizáronse varias dinámicas; a Liña de Tempo para identificar que fixemos, como o estamos a facer, con quen e con que recursos contamos. A partir da liña de tempo, e despois de analizar os trazos, acordamos cales eran os que queriamos priorizar para o próximo curso. O Plan de Acción recolle o punto de partida, cara a onde queremos avanzar, accións e o equipo motor que se fará cargo de coordinalo, así como un plan para unha posterior avaliación.

Que me propuña?

Realizar un diagnóstico do centro en canto aos trazos; aprender a sistematizar a experiencia realizada e establecer os próximos pasos para seguir avanzando.

O obxectivo é seguir incorporando trazos que nos axuden a ser un Centro Educativo Transformador. Reflexionar sobre que estamos a facer, como o facemos e con quen.

Que fixen e como o fixen?

CDP Sta Ma. de los Ángeles.

Utilizáronse os claustros dedicados á convivencia para formar ao profesorado sobre os trazos das escolas transformadoras. Estes claustros foron facilitados por técnicas de Intered.

Con diversas metodoloxías propostas por elas, realizouse un diagnóstico en primeira instancia. Posteriormente, priorizáronse os trazos sobre os que seguir a traballar e estamos no proceso de establecer por onde seguir avanzando a partir de agora.

O Plan de Traballo para o curso 2018/19 elaborárase en base aos seguintes trazos priorizados:

- Principios, visión e valores: Trazo 4 Participación
- Chaves pedagóxicas: Trazo 6 Aprendizaxe socioemocional, 8 Metodoloxías críticas e reflexivas, e 10 Avaliación.
- Políticas do centro: Trazo 14 Atención ás relacións de poder e coidados.



Trazos. Dos centros educativos transformadores

Breve descripción da experiencia

Que logros conSeguín/ conSeguimos?



IES Pablo Picasso.

A reunión das/os coordinadoras/es dos distintos plans e programas, que forman o equipo do proxecto Escola de paz, as/os compoñentes da ETCP, as/os xefas/es de departamentos (coordinacións de área) e o equipo directivo.

Nas xuntanzas traballouse o documento dos trazos, vendo a súa aplicación e adecuación ao noso centro.

O Plan de Traballo para o curso 2018/19 elaborárase en base aos seguintes trazos priorizados:

- Principios, visión e valores.
- Metodoloxías: trazos 6, 7 e 8 e trazo 10 Avaliación que xera aprendizaxes.
- Planificación e organización; trazo 11 Currículum da ETCC en todas as materias e trazo 15 Traballo coa contorna e en rede.

Un dos logros importantes é a inclusión dunha liña estratéxica sobre educación transformadora para unha cidadanía global no Plan Estratéxico da cooperativa e PEC do IES.

CDP Sta M^a de los Ángeles.

Outro logro é a súa inclusión no proxecto educativo do centro.

A partir de aí, a inclusión nos diferentes plans e programas que finalmente redundan tanto na formación do profesorado, como no plan de acción tutorial, plan de convivencia etc.

Que a educación transformadora estea integrada en todos os plans é un camiño iniciado que vai recollendo os seus froitos (as actividades que se organizan xa adoitan levar case todas impregnadas esta mirada).

Por outra banda, conseguiuase un fortalecemento importante en canto ás relacións coas ONGD coas que o centro colabora, como InteRed, e que permiten desenvolver os seus proxectos de educación para

Trazos. Dos centros educativos transformadores

Breve descripción da experiencia

o desenvolvemento no centro; hai unha colaboración con axentes externos, cualificados nesta liña de traballo e un acompañamento moi importante.

IES Pablo Picasso.

Co alumnado logramos outra forma de traballar na aula, por medio do desenvolvemento dos distintos plans e programas, e de traballos interdisciplinares, por medio dunha mesma liña temática fixada no centro para o desenvolvemento de calquera contido curricular.

Co profesorado, outra forma innovadora de abordar os contidos tradicionais, ademais da formación persoal do profesorado implicado nestes equipos de traballo.

O centro está incluíndo a educación transformadora en toda a súa comunidade educativa e isto reflicte en calquera ámbito no que o centro interactúa dentro e fóra del.

CDP Sta M^a de los Ángeles.

O maior impedimento é a falta de tempo do profesorado para ter máis xuntanzas de traballo. No centro hai horario de mañá e tarde, e isto é un gran hándicap para podermonos coordinar, aparte da saturación de proxectos de diversa índole.

Por outra banda, o equipo directivo e o consello reitor da cooperativa sempre apoiaron o traballo, o que fixo posible a súa inclusión nos documentos estratéxicos do centro.

Outro elemento a favor foron as boas e estreitas relacións con InteRed e outras organizacións que traballan nesta liña.

IES Pablo Picasso.

A coordinación do equipo de traballo (plans e programas, xefas/es de departamentos, ETCP e equipo directivo) e a transmisión da información ao resto do claustro.

Que elementos da
estrutura escolar
e do contexto penso
que foron un apoio
ou un freo para
conseguir os
logros?



Breve descripción da experiencia

Que aprendizaxes e retos extraio?

A sistematización do traballo realizado, cuns aspectos concretos nas distintas actividades desenvolvidas no centro, favoreceu a toma de conciencia á hora de priorizar os trazos.

A toma de conciencia do realizado, comprobar fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas...

A necesidade de aprender a sistematizar todo o que se fai, para poder seguir avanzando sen saturar o persoal.

A importancia do contexto, das redes entre distintas organizacións e as familias. Ser un Centro Educativo Transformador significa ter en conta os enfoques, as miradas, desde os que traballamos, como acompañamos. E todo iso vímolos reflectido nos distintos trazos que puidemos traballar.

O apoio técnico proporcionado por InteRed foi o máis relevante.

CDP Sta M^a de los Ángeles.

A creación dun equipo de «convivencia-igualdade» que foi o grupo motor no centro, composto pola coordinación do proxecto Escola Espazo de Paz, a coordinadora do Plan de Igualdade e a orientadora.

IES Pablo Picasso.

A mellor coordinación do equipo de escola espazo de paz, formado polos distintos coordinadores e coordinadoras dos plans e programas, os membros das coordinacións de área e ETCP. O apoio do equipo directivo.

Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia:

Recursos ou materiais de apoio/referencia:

O material principal foi o documento de trazos («Centros Educativos Transformadores. Trazos e propostas para avanzar»). Ademais, a participación na súa elaboración desde o comezo xa supuxo unha aprendizaxe. <http://www.educaciontransformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2018/11/centros-educativos-transformadores-version-online.pdf>

Para favorecer as sesións formativas utilizáronse dinámicas tomando como referencia a ludopedagogía: <https://intered.org/pedagogiadeloscuriosos/es/2017/06/27/ludopedagogia-jugar-para-conocer-conocer-para-transformar/>

Co apoio financeiro da:

